

# SUPERCOPA GALEGA DE WÁTER-POLO

Tempada 2017/18. Circular 17-40.

## 1.- Categoría

Absoluta Masculina e Absoluta Feminina.

## 2.- Sistema de Competición

### Absoluta Masculina

2.1.- Participaran o campión da Liga Territorial de Primeira División e o Campión da Copa Galega da tempada anterior.

2.2.- No caso de coincidencia entre ambos equipos terá dereito a participar o segundo clasificado da Copa Galega.

2.3.- O sistema de xogo desta competición será de partido único, nunha única sede, coincidindo coa Supercopa Feminina.

### Absoluta Feminina

2.4.- Participaran o campión da Liga Territorial Feminina e o Campión da Copa Galega Feminina da tempada anterior.

2.5.- No caso de coincidencia entre ambos equipos terá dereito a participar o segundo clasificado da Copa Galega Feminina.

2.6.- O sistema de xogo desta competición será de partido único, nunha única sede, coincidindo coa Supercopa Masculina.

## 3.- Títulos e premios

3.1.- Entregarase trofeo ao campión da Supercopa.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN